



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUIDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Ourense, 28 MAR. 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Leonardo Lemos Montanet, actuando en representación da Diocese de Ourense, en virtude da súa condición de bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do "Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade





relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Ourense ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmoble, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e a Diocese de Ourense para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administracións públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.





A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Ourense

Pola súa banda, a Diocese de Ourense comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.



Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade,

Román Rodríguez González



O bispo da Diocese de Ourense

Leonardo Lemos Montanet

ANEXO 1 DE ACTUACIÓN VINCLADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE A DIOCESE DE OURENSE, ANO 2022

BEN: Igrexa de san Domingos de Ribadavia	
SITUACIÓN: rúa Celso Emilio Ferreiro, núm. 2, Ribadavia (Ourense)	
PROTECCIÓN: O conxunto do convento e a igrexa de san Domingos de Ribadavia foi declarada Monumento Histórico Artístico no Decreto do 03 de xuño de 1931 (GAC do 04 de xuño do 1931), polo que ten a consideración de ben de interese cultural conforme á DA 1ª da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español e a DA 1ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Está situada no casco antigo de Ribadavia, que ten a consideración de ben de interese cultural coa categoría de conxunto histórico xa que foi declarado Conxunto Histórico-Artístico mediante Decreto do 17 de outubro do 1947 (BOE do 30 de outubro de 1947), está incluído no catálogo do Plan Especial de Reforma Interior do Casco Histórico aprobado definitivamente o 25.02.1999 (BOP do 29 de abril de 1999, ficha da mazá 31, protección integral). A igrexa está recollida tamén no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 32069_27178.	
ACTUACIÓN: Restauración da igrexa de san Domingos de Ribadavia (exp: SAR-2018-259)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 650.000,00€ (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 10 meses

DESCRIPCIÓN:

O conxunto monumental está formado pola igrexa de san Domingos e o que queda das dependencias conventuais, moi modificadas, que pechan o atrio unicamente polos seus lados oriental e meridional. Tamén forma parte do conxunto a capela da Virxe do Portal, situada a nacente, herdeira do que a tradición considera pertencía ao primeiro convento dominico instalado no lugar.

A igrexa de san Domingos de Ribadavia foi unha das que introduciron o tipo característico da igrexa mendicante galega nos séculos XIV e XV, con nave compartimentada en varios tramos, cuberta de madeira e cabeceira con tres ábsidas hemipoligonais abovedadas. Nela os talleres de filiación ourensá realizaron os primeiros ensaios do gótico galego.

A igrexa é de planta basilical, con tres naves e cruceiro non destacado. A cabeceira está formada por tres ábsidas hemipoligonais sendo a central a maior.

As naves, de finais do século XIII ou principios do XIV, están divididas en catro tramos e cóbreuse con teito de madeira a dúas augas apoiada en arcos formos e transversais de medio punto, excepto os da nave central que son apuntados. Os piares son de tipo composto con capiteis historiados. O coro alto ou tribuna, construído no século XVI, ocupa o primeiro tramo da nave central e os dous primeiros das laterais. Destacan dentro das naves laterais varios sepulcros murais, entre eles o que contén os restos de Fray Pedro Marina, compañeiro de san Telmo.

O cruceiro, probablemente do século XIV, non destaca en planta pero si no alzado. No lado da Epístola ábrese a antiga capela de santa Elena, hoxe convertida en sancristía, de planta case cadrada e cuberta con bóveda de cruzaría (que obstrúe parcialmente unha ventá situada no lenzo sur do cruceiro). Construída a principios do século XVI, mostra influencias renacentistas anque o gran arco triunfal é apuntado (hoxe tapiado a excepción da porta de acceso á sancristía).

As ábsidas cubertas con bóvedas de cruzaría, de finais do século XIV ou incluso principios do XV, están caladas por esveltos ventanais góticos de mainel central, tres en cada ábsida lateral e cinco na central. En cada oco superpóñense dous ventanais que proporcionan a maioría da iluminación da igrexa. A ábsida central forma a capela maior e nela atopábase un retablo churrigueresco (obra de Castro Canseco) do que se mantivo o corpo central con columnas salomónicas, no que se venera a imaxe de Cristo Crucificado. Destaca nesta ábsida a arcada trilobulada na que se apoia a imposta da que nacen os ventanais. A ábsida do Evanxeo está adicada hoxe a baptisterio, e nel atópanse dous grandes sepulcros

murais, en realidade mausoleos xa renacentistas colocados lateralmente nos que descansan entre outros os restos de Pedro Vázquez de Puga e da súa esposa dona Sancha Bella Mosquera. A ábsida da Epístola é a actual capela da Dolorosa.

A fachada principal, que se abre a un atrio con árbores, segundo algúns autores parece que ocupa unha posición retranqueada respecto á orixinal. Está dividida en tres rúas pos dous contrafortes que coinciden cos arcos formeiros das naves. As dúas rúas laterais presentan os seus paramentos nus, divididos por unha sinxela imposta en dous corpos. A rúa central, dividida tamén pola mesma imposta en dous corpos, presenta no inferior da portada arquivoltas apuntadas sobre dous pares de columnas acodilladas con capiteis de decoración vexetal. A chambrana forma un almofadado corrido en punta de diamante, a arquivolta exterior está formada por follas dispostas radialmente e a interior organizase arredor dun baquetón liso. O arco interior decorado con sinxelos floróns e coa estatua de san Domingos no alto que se apoia sobre unha imposta horizontal que divide todo o corpo e sepárao das xambas, que continúan en parte da decoración do arco. Sobre a portada atópanse tres escudos, o Real de Castela e León, o dos condes de Ribadavia (con trece roeles) e o do bispo Fray Alfonso de Cusanca. No segundo corpo da rúa central ábrese un gran rosetón que perdeu a trazaría orixinal (destapiado en 1907 e reintegrado en formigón armado). É notable o número de signos lapidarios que se atopan na fachada principal así coma de perpiñaños de cantaría colocados a tizón que sobresaen dos lenzos das fábricas.

Das fachadas laterais, con contrafortes e algúns ventanais góticos de mainel central, destaca a que dá ao norte con dúas portadas de sinxelas arquivoltas de medio punto e arcos interiores trilobulados que comunicarían a igrexa coa sancristía primitiva e o claustro. Entre ambas, mordendo a da dereita, levántase a actual torre-campanario obra de principios do século XVI, destruída por un lóstrego en 1708 e reconstruída nese mesmo século. Composta de tres corpos, o primeiro liso é de planta cadrada e está achaflanado, o que produce un estraño efecto (neste corpo e a unha altura que correspondería co piso superior do claustro atópase un oco, presumiblemente de acceso, que comunicaba o nivel superior do atrio coa torre-campanario, hoxe tapiado por un elemento escultórico que parece proceder dos antigos púlpitos hoxe desmontados)-. O segundo é o das campás, con ocos de arco de medio punto. O terceiro está formado por un cupulino sobre un tambor. Nesa mesma fachada destacan as escaleiras e porta de acceso ao coro alto desde o exterior. Así mesmo é notorio o mal estado dos canzorros desta fachada en comparación coa fachada sur, presentando roturas dos elementos escultóricos aparentemente debido á incidencia do mencionado lóstrego e posible colapso de parte do lenzo norte do templo.

Na fachada sur destaca o desplome cara o exterior que presenta o lenzo meridional, os voluminosos contrafortes que se acaroaron por este lado na zona do cruceiro e os tamén potentes estribos existentes na actual sancristía.


A cabeceira é a parte máis importante da igrexa, coa gran ábsida central considerablemente máis alta que as laterais e coroada por un gran escudo real. As tres ábsidas están organizadas por contrafortes escalonados entre os que se abren os grandes ventanais góticos.

Das primitivas dependencias conventuais consérvase solo unha portada de dobre arco trilobulado (açaroadá á igrexa e que daba acceso á antiga sancristía, hoxe desaparecida).

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Unha vez analizada a patoloxía do inmovible compróbase que o estado da igrexa non é bo xa que se detectaron deficiencias significativas tanto no estado da cuberta coma no aspecto e conservación de cerramentos e vidreiras.

Desde fai algúns anos véñense producindo filtracións de auga de chuvia a través da cuberta. Debido á configuración xeométrica desta obsérvanse algúns puntos singulares conflictivos: por un lado o encontro da torre-campanario co plano de cuberta e por outro o encontro da cuberta da nave principal coa cuberta sobreelevada do cruceiro.





Ao mesmo tempo a falta de drenaxe perimetral e as solucións construtivas empregadas na execución dos pavimentos agravan o problema de humidade no interior do templo que xunto coa falta de mantemento e a pouca ventilación do espazo inciden nas condicións de benestar das persoas usuarias e a conservación do inmovible e elementos mobles e escultóricos que alberga.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

- restitución da cuberta da igrexa que inclúe demolición e retirada dos elementos de cobertura, reposición e/ou reparación da estrutura de madeira de castiñeiro (segundo o seu estado de conservación) da cuberta das naves apoiada sobre os muros e os arcos de sillería, sobre a que se colocará un entaboadado de soporte, placas de fibrocemento e acabado con tella curva
- formación de canlóns, baixantes, remates e encontros con elementos singulares a base de lámina de zinc
- limpeza das fábricas da envolvente exterior do edificio (saneado e regularización na coroación das fábricas, retirada de vexetación e elementos impropios, eliminación das xuntas disgregadas de morteiro de cemento...) e posterior reposición do rexuntado con morteiro de cal
- picado dos acabados interiores existentes sobre os arcos faixóns e formeros e posterior aplicación de revocadura con morteiro de cal
- restauración dos elementos escultóricos de pezas labradas das fachadas coma portadas, ventás, canzorros, pináculos, escudo sobre a ábsida central... a cargo de restaurador/a seguindo as indicacións do proxecto de restauración específico.



BEN: Mosteiro e igrexa de santo Estevo de Ribas de Sil

SITUACIÓN: Santo Estevo de Ribas de Sil, Nogueira de Ramuín (Ourense)

PROTECCIÓN: O conxunto de mosteiro e igrexa de santo Estevo de Ribas de Sil está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben de interese cultural (Núm. Rex. BIC-51-0000243-00000) coa categoría de monumento segundo o que establece a Real orde do 12.04.1923 (GAC do 24.04.1923). O conxunto localízase na Ribeira Sacra que foi declarada BIC coa categoría de Paisaxe Cultural polo Decreto 166/2018 (DOG do 31.12.2018). O mosteiro está recollido tamén no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 32052_293.

ACTUACIÓN: Restauración da sancristía e coro alto da igrexa de S Estevo de Ribas de Sil para a incorporación de usos culturais (exp.: SAR-2021-0080)

INVERSIÓN ESTIMADA: 220.000,00 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses
--	---

DESCRICIÓN:

Aínda que non existe a certeza é probable que a orixe do mosteiro fora un eremitorio creado en torno ao século VI. A tradición di que foi fundado por san Martiño de Dumio (ca. 520-579), ao que tamén se lle atribúe a fundación do mosteiro de san Pedro de Rocas (Esgos, Ourense). Non se conservou nada deste primitivo edificio. O primeiro documento que menciona o mosteiro é do ano 921 e apoia a hipótese dunha fundación antiga xa que se refire a el como abandonado desde antigo e arruinado.

Nun primeiro momento o cenobio rexeuse pola orde de san Frutuoso, pero dende o século X acolleu a orde beneditina. A finais do século XV pasou a depender da congregación de san Benito de Valladolid. Entre os séculos X e XII alcanzou unha gran popularidade debido ás peregrinacións motivadas polos nove bispos que decidiron acabar alí os seus días e que conseguiron fama de santidad.

En 1875, tras o proceso de desamortización, o mosteiro pasou a ser propiedade do Estado, e durante todo o século XX mantívose practicamente abandonado e en ruínas. En 1999 inicianse unha serie de propostas para converter o mosteiro nun hotel de luxo, establecemento que sería inaugurado cinco anos máis tarde, integrado na rede de Paradores de Turismo.

O templo é de estilo románico, de finais do século XII e principios do XIII. Ten planta basilical con tres ábsidas semicirculares na cabeceira. A nave está cuberta por unha bóveda de cruzaría, que substituíu no século XVI o orixinal teitume de madeira. As dúas ábsidas laterais teñen aspecto de torreón ao ser modificados, aumentando a súa altura no momento no que se construíron as bóvedas das naves do templo. A ábsida central presenta cinco profundos nichos nos que se sitúan a media altura xanelas de arcos de medio punto, tres das cales quedan ocultas polo retablo.

Sancristía

A sancristía está situada no extremo sureste do conxunto, é de planta cadrada case perfecta de 10,80 m de lado interior e está construída con muros de sillería de granito de 160-170 cm de espesor. Pódese acceder á sancristía a través da antesancristía dende a nave da igrexa ou dende a escaleira do claustro maior. O volume da sancristía componse de dous niveis: no superior nunha cota similar á nave da igrexa atópase a sancristía propiamente dita e no inferior hai outro espazo sin uso definido ata hoxe.

A sancristía está cuberta por unha bóveda en rincón de claustro. A separación entre os dous niveis consiste nun forxado de madeira de castiñeiro formado por dúas vigas, tres familias de pontóns, táboas e saetinos transversais que cobren as xuntas entre táboas. A construción é sinxela pero de calidade.

O espazo baixo a sancristía queda ocupado por seis piares que sustentan as vigas superiores. O chan está formado polo propio terreo arxiloso en pendente descendente cara o norte e pódese ver o rastro da auga na superficie, dependendo da época do ano está lixeiramente encharcado. O acceso a este espazo

prodúcese dende o exterior do conxunto por un eixo da fachada norte.

Coro

O coro está situado no extremo oeste da nave da igrexa, encima do acceso. As súas dimensións son importantes xa que ocupa dúas das catro crujías da nave, é dicir, case a metade da igrexa. Esta proporción mostra a importancia que tiña o coro e o seu uso no conxunto.

Orixinalmente estaba asentado sobre seis bóvedas de arista nervadas construídas con granito. As dúas bóvedas centrais colapsaron a principios do século XX parece que debido a un deseño moi arriscado. As bóvedas que se conservan presentan deformacións evidentes anque a súa estabilidade non corre perigo.

Despois deste colapso construíuse un sinxelo alfarje de madeira de castiñeiro composto por vigas colocadas na dirección dos arcos rebaixados e pontóns perpendiculares a elas. Sobre os pontóns sitúase un entabamento. Este forxado cobre soamente unha das bóvedas orixinais (a que se sitúa sobre o acceso) con escuadrías escasas que provocaron frechas evidentes e unha falta de resistencia que limita o uso.

Actualmente o acceso ao coro faise dende dúas escaleiras de caracol que están inseridas no muro oeste da igrexa e dende a porta que separa o coro do claustro.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Nos anos 2020 e 2021 executáronse as obras de restauración na igrexa de santo Estevo de Ribas de Sil promovidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC). Unha vez rematadas estas obras e co fin de continuar mellorando o estado e uso da igrexa considérase adecuado intervir no volume da sancristía e no coro.

Sancristía

O uso da sancristía será litúrxico xa que se empregará para misas de grupos reducidos, reunións, conferencias, lecturas... sempre adecuadas ao aforo do espazo. Xa que tanto os paramentos coma o chan da estancia están en bo estado só é preciso mellorar a iluminación desta e completar a dotación de mobiliario.

Á estancia baixo a sancristía preténdese darlle un uso definido polo que é preciso liberar o espazo e devolvelo á súa configuración orixinal, recuperando a planta con só dous piares que permitirá implementar usos compatibles con el, relacionados coa exhibición e posta en valor de pequenos elementos patrimoniais, reunións, talleres...

Coro

A reconstrución parcial que se fixo despois do colapso das dúas bóvedas modifica a percepción da nave na súa totalidade, do espazo interior da nave debaixo do coro así coma o recorrido de acceso á nave dende o exterior. Tamén impide a recolocación da sillería no seu lugar orixinal. Parece que este forxado pensouse máis para conectar as dúas partes do coro que quedarán separadas polo colapso das bóvedas que para recuperar o uso orixinal ou darlle un uso novo ao coro.

Con esta actuación búscase recuperar o espazo orixinal para permitir albergar a sillería (unha vez restaurada) tamén na posición orixinal. Con isto por unha parte comprenderase o coro e a nave na súa configuración xeométrica primitiva e por outra tamén se percibirá dende a parte inferior o espazo e o acceso á igrexa como foi na súa orixe. Así poderase facer visitable o conxunto.





ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

Sancrestía

No nivel superior, bastará con instalar unha iluminación complementaria dirixida cara abaixo e que permita desenvolver con comodidade as actividades.

Ademais colocarse un sistema de cadeiras pregables y apilables que permita a súa fácil instalación, segundo a configuración máis adecuada para cada evento e a súa recollida e almacenamento ordenado na antesancrestía.

No nivel inferior desmóntanse os catro piares de pedra previo apeo da estrutura de madeira e despois refórzanse as vigas principais mediante a colocación dunha lámina de madeira maciza de castiñeiro de 10 cm de espesor debaixo de cada tramo de viga, unidas para que traballen conxuntamente. Tamén se reparan os pontóns para que poidan cumprir a súa función estrutural.

Colocarse un pavimento de granito con xunta aberta encima de dormentes do mesmo material, deixando unha cámara ventilada debaixo das lousas. Instálase un sumidoiro de pedra que conducirá a auga a unha canle ata saír por debaixo da porta.

Complétase a actuación coa instalación dunha iluminación axeitada.

Tamén se acondiciona o acceso exterior a este espazo complementado coas actuacións arqueolóxicas requiridas.

Coro

Desmóntase o forxado existente e no seu lugar colócanse dúas bóvedas de xeometría similar á orixinal construídas con madeira maciza de castiñeiro, sen máis nervaduras que as dos arcos principais por unha necesidade física e para evitar un falso histórico.

A luz da bóveda central salvarase con catro arcos case paralelos. Encima de cada arco colócase unha viga que sirve de apoio lineal e sobre ela van os pontóns (separados por zoquetes que limiten ou impidan o movemento de alabeo da madeira) que forman a base sobre a que se colocará o entaboado de 32 mm de espesor. O entaboado prolóngase encima do resto do coro cubrindo as catro bóvedas laterais.

A fronte do coro no seu tramo central quedará rematado cunha varanda de aceiro pavonado fixada ao dormente do forxado.

Para permitir a visita ao coro habilitaranse dous accesos:

- un dende o claustro que require da restauración do conxunto de madeira tallada que conforma o vestíbulo
- outro dende a nave que será pola escaleira de caracol sur que arranca na nave e desembarca no coro; aquí colocaranse chanzos adicionais de madeira maciza de castiñeiro para mellorar a accesibilidade e tamén un pequeno tramo de varanda.

A escaleira norte queda reservada para o acceso do persoal de mantemento ao coro e á cuberta.

Tamén está incluída nesta actuación a restauración de elementos singulares de madeira coma a estrutura do antigo órgano e elementos mobles da sancrestía.

